

RESUMO INTERVENCIÓN CCOO ENSINO MESA SECTORIAL 23/05/2023

1. Proxecto Orde prazas dirección CFR e asesorías CAFI.

- Demandamos un **mapa de recursos humanos do CAFI e do CFR** nos que se cataloguen todos os perfís existentes no CAFI e nos diferentes CFR para coñecer desta forma a realidade de recursos actuais destes centros e a súa adecuación ás necesidades formativas do persoal docente. **ADMITIDO. PROPORCIONARÁN PROXIMAMENTE UNHA RELACIÓN DE POSTOS CATALOGADOS EN CAFI E CFR.**
- Solicitamos que se **concrete como requisito ter destino definitivo ou provisional no ámbito da Consellería de Educación da Xunta de Galicia**, os que regresan dunha praza no estranxeiro ou están en Comisión de Servizo noutra comunidade autónoma. **ADMITIDO.**
- Demandamos que entre os **requisitos de antigüidade para poder presentarse se computen a experiencia como funcionario en prácticas e funcionario interino.** **ADMITIDO.**
- **Esiximos criterios para obxectivar a valoración das competencias profesionais definidas.**
- **Consideramos que debe incrementarse o número máximo de solicitudes por cada participante.**
- **Solicitamos a eliminación da fase de entrevista** porque non se asegura criterios de obxectividade, dándolle na actual orde unha importancia desmesurada incluíndoa como primeiro criterio de desempate. **De manterse a entrevista habería que publicitar os criterios de avaliación previamente**, publicando para tal fin a administración unha **rúbrica que os recolla.** **ADMITIDO, COMPROMÉTENSE A PUBLICAR UN MODELO DE RÚBRICA PARA A ENTREVISTA CANDO PUBLIQUEN A RESOLUCIÓN.**
- Demandamos **incrementar o período de reclamacións de 3 a 5 días hábiles.**
- Instamos a que se concrete **en maior medida o proceso de avaliación** ao final de cada período anual, cos diferentes *items* e indicadores a valorar, e por quen se leva a cabo tal avaliación **para evitar arbitrariedades e subxectividade.**
- Solicitamos o establecemento de **requisitos mínimos para dotar as prazas por comisión de servizos** que non se cubran por concurso de méritos.
- Demandamos o establecemento da posibilidade que o profesorado que supera as puntuacións mínimas debe **configurar unhas lista para posibles substitucións** no futuro evitando así nomeamentos “a dedo”. **REXEITADO.**
- **Solicitamos que a “formación inicial” que recolle a convocatoria debería estar relacionada coa praza que se solicita.**

- No baremo, **reclamamos que se compute no apartado 4** a antigüidade non só como funcionario de carreira, se non tamén como **funcionario en prácticas ou funcionario interino. ADMITIDO.**
- Demandamos **unha praza máis de ámbito Científico Tecnolóxico en CFR de Ourense. NON RESPONDEN.**

2. Licenzas por formación.

- Denunciamos **o despropósito que resultou a convocatoria de licenzas por formación do curso pasado**, e **demandamos explicacións** por parte da Dirección Xeral de por que finalmente non puideron ser ofertadas.
- Consideramos a **oferta, de forma global, insuficiente e propomos un incremento global das mesmas** e ademais:

a) **Que se incremente a duración das diferentes modalidades.** Un mes en moitos casos é pouco tempo para desenvolver diversos materiais.

b) **Que se recuperen as licenzas semestrais e incluso anuais.**

c) **Que se incorpore a posibilidade de licenzas sen retribución.**

d) **A incorporación de licenzas para rematar estudos universitarios ou a ampliación dos mesmos.** Esta modalidade cobra máis importancia este ano, se cabe, para facilitar **ao profesorado de PTFP** a obtención do título de grao que lles permita acceder ao grupo A1. **REXEITADO.**

- Solicitamos a **recuperación do modelo de licenzas de formación que existía anteriormente, permitindo unha maior cualificación académica e profesional. O actual modelo non son licenzas para a formación**, se non licenzas para a realización de materiais curriculares, pero non melloran nin a formación nin a cualificación académica e profesional do profesorado.
- Consideramos que os proxectos e a elaboración de materiais curriculares **non só deben circunscribirse ás TIC.**
- **Solicitamos a recuperación da modalidade de perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior**, a través de cursos intensivos de formación en estadías de un a tres meses, que foi ofertada por última vez na convocatoria de 2019. **REXEITADO.**
- Solicitamos a recuperación **de grupos de cooperación conformados por máis do 50 por cen por persoal interino**, que si recollían outras ordes. **REXEITADO.**
- Esiximos a eliminación **da limitación de non superar seis meses de licenza máxima entre todos os compoñentes do grupo de traballo**, xa que desta forma os grupos de tres membros nunca poderían gozar dos tres meses de licenza, se non de dous.
- **Solicitamos a ampliación da temporalización de todas as modalidades a 30 de xuño para facilitar que se acollan os funcionarios/as prácticas. ADMITIDO.**

- Esiximos unha **equiparación na duración das licenzas de formación no caso dos cursos de especialización de FP** ao resto de licenzas. Igualmente, solicitamos a **ampliación da súa temporalización co resto de modalidades** **REXEITADO**.
- Solicitamos a **eliminación do requisito de estar en servizo activo e prestando servizos nos tres cursos inmediatamente anteriores**, xa que desta forma o profesorado en expectativa de destino que superou os procedementos selectivos en 2021 e 2022 e non teña anos anteriores como persoal interino non podería acceder a licenzas por formación. **REXEITADO**.
- Esiximos a inclusión, **como persoal que pode solicitar** unha licenza por formación, a aquel profesorado que se atope, no momento da **solicitud, en excedencia por coidado de familiares**.
- **Solicitamos que, entre os posibles destinatarios**, se inclúa ao persoal dos EOE, que non teñen docencia directa pero son un instrumento imprescindible e insuficiente para consolidar un sistema educativo de calidade.
- **No baremo:**
 - a) Entendemos que hai que **darlle menor peso ao proxecto de traballo**. De non modificar esa puntuación propomos incrementar a referida a servizos docentes.
 - b) Solicitamos **que se engada un apartado que puntúe a acreditación do nivel C1 e C2 do MCERL** para aqueles proxectos que requiran a elaboración de materiais curriculares plurilingües.
 - c) **Coidamos que a puntuación por fracción de mes en cursos impartidos (3.1) debe ser superior a cursos recibidos (3.2)**, xa que no borrador teñen a mesma consideración de 0,10 por cada mes.

ANEXO VI

- Consideramos que **os criterios de valoración dos proxectos son demasiado xenéricos e amplos** e que deben explicitarse algúns *items* que permitan unha mellor obxectividade na valoración.
- Entendemos que **non ten sentido que haxa que acadar o 60% da puntuación total** para chegar á licenza cando xa está no baremo como requisito chegar a 8 puntos no proxecto, entendemos que se está a por un dobre muro para a concesión das licenzas.
- Considermos que debe **concretarse con algún item que se puntúa na pertinencia do carácter innovador**.
- No artigo 12 establécese unha **incompatibilidade coa realización de calquera outra actividade remunerada pública ou privada**, ademais doutras casuísticas. Con esta redacción queda eliminada, por exemplo, a posibilidade para o profesorado de FP de impartir cursos AFD durante a duración da licenza por formación, cando esta posibilidade si existe no período ordinario da súa docencia.

3. Reintegro gastos formación.

- Solicitamos un incremento das cuantías e denunciemos o recorte que significa esta resolución con respecto á última orde publicada en 2019, xa que o contexto de inflación recente fai que o investimento finalmente resulta menor. **REXEITADO. CONSIDERAN A CUANTÍA TOTAL ORZAMENTARIA COMO SUFICIENTE.**
- Esiximos o incremento de dotación para todo tipo de actividades, incluíndo nas actividades no estranxeiro un axuste en función do país e actividade.
- Solicitamos que non se restrinxa a posibilidade de reintegro a actividades que poidan ser recoñecidas ao abeiro da Orde de 14 de maio de 2013. **REXEITADO.**
- Demandamos a extensión de posibilidade de solicitude de reintegro a outras actividades formativas ademais das relacionadas coa igualdade, convivencia e inclusión, coas TIC, STEM ou plurilingüismo, nomeadamente faltan todas as relacionadas co ámbito artístico. **ADMITIDO.**
- Solicitamos a eliminación das restricións para o profesorado funcionario en prácticas. **ACEPTADO.**
- Esiximos a presenza das organizacións sindicais na comision de valoración.
- Solicitamos que a documentación a tramitar sexa a similar das actividades xa realizadas con respecto a outras a realizar, xa que consideramos que a documentación é excesiva con respecto ás actividades xa realizadas. **REVISARANO.**

4. Orde convocatoria prazas asesorías

- Valoramos positivamente a súa oferta, pero sorprende o número de prazas convocadas nesta orde cando levamos anos recortando de modo notorio os cadros de persoal dos centros. Considermos que as necesidades dos centros deberan ser cubertas de modo prioritario antes da cobertura das prazas de asesoría na Consellaría.
- Denunciamos que moitas prazas carecen de requisitos obxectivos, polo que demandamos a súa incorporación para así asegurar os principios de igualdade, capacidade e mérito. Se non se modifican os requisitos estamos diante dun nomeamento subxectivo de forma encuberta na meirande parte das prazas.
- Denunciamos as incongruencias de requisitos entre prazas similares e pedimos criterios comúns. **REVISARANO.**
- Denunciamos a escasez de asesorías centradas no benestar emocional (só unha e parcialmente), a igualdade (só outra) e esiximos algunha monográfica sobre educación afectivo-sexual e LGTBI.
- Solicitamos establecer na convocatoria o requisito de ter destino provisional ou definitivo nun centro da comunidade autónoma de Galicia e os que volven dunha praza no estranxeiro. **ADMITIDO.**

- Demandamos, en coherencia con outras convocatorias, que se estableza un mecanismo de **presentación telemática da solicitude**.
- **Esiximos a eliminación da entevista, porque non se aseguran criterios de obxectividade na súa selección.** De manterse a entrevista habería que publicitar os criterios de avaliación previamente. Solicitamos que se retire a entrevista como criterio de desempate. **ADMITIDO. PUBLICARÁN UNHA RÚBRICA COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**
- Solicitamos establecer de **forma obxectivable e facer públicos previamente os criterios de avaliación** da actividade a efectos da **avaliación anual** do aspirante.
- Demandamos que se **estableza un sistema de provisión provisional de postos para o caso que non se cubran as prazas**.
- No baremo, **deben computar as fraccións inferiores a un ano no apartado de antigüidade.** **ADMITIDO.**
- Solicitamos, tamén no baremo, que **os servizos da Administración deberían ser eliminados.** **REXEITADO.**
- Consideramos que **a puntuación por formación de cursos non homologados e non relacionados co posto non ten sentido.** **REVISARANO.**
- No baremo, **o apartado da entrevista debe eliminarse**, e de manterse debe reducirse a súa puntuación e deben publicitarse os seus criterios de avaliación. **PUBLICARÁN UNHA RÚBRICA COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

5. Proxecto Orde ampliación optativas ESO.

- Denunciamos que a orde **pasa pola Mesa posteriormente a pasar polo Consello Escolar de Galicia, cando debería ser ao revés.**
- **A proposta parécenos insuficiente.** Debería contemplarse, cando menos a recuperación de *Cultura Científica, Ciencias aplicadas á actividade profesional e Artes Escénicas e Danza*. E, dende logo, deberíase contemplar todas as materias que se ofertaron hasta agora con boa acollida nos centros e incluso aceptar a oferta doutras que o profesorado entende que son de interese para o alumnado.
- Esta medida debería ir acompañada da **eliminación dos itinerarios pechados que poden presentar os centros** pois de manterse a ampliación das optativas non vai ter efecto.

6. Rogos e preguntas.

- Recuperación do horario de 18 e 21 horas. **ESTASE TRABALLANDO PARA PODER TER ALGÚN TIPO DE AVANCE DE CARA AO CURSO QUE VÉN.**

- Instamos, unha vez máis, a que a **Administración recapacite e se decida a convocar concurso de atención preferente**, co obxecto de asegurar unha mellor atención para as nenas e nenos que precisen de dita atención preferente e que esta sexa a máis adaptada ás súas necesidades e con vocación de continuidade. **DUBIDAN DE SE CHEGARÁN A TEMPO PARA PUBLICAR A CONVOCATORIA POR TODO O TRABALLO ACUMULADO E POLA CONVOCATORIA DE OPOSICIÓN DESTE 2023.**
- Demandamos que, con lóxica, tras a modificación das datas de avaliación final de Secundaria, **se amplíe a duración dos contratos PROA+** para que este profesorado poida asistir e participar, como o resto do profesorado de apoio, ás sesións de avaliación do alumnado co que levan traballando todo o curso. **A PROBLEMÁTICA PRINCIPAL É O FEITO DE QUE ESTES CONTRATOS CONTAN CUN ORZAMENTO PECHADO.**
- Solicitamos, como xa o fixemos nun escrito remitido á Dirección Xeral de Centros e RRHH o pasado 12 de maio, que se arbitre unha **regulación transitoria para a participación no Concurso Xeral de Traslados do profesorado que supere o concurso de méritos de estabilización.**
- Do mesmo xeito, requerimos que, ao igual que se establece a posibilidade de solicitar comisión de conciliación familiar e laboral para as persoas que superen o concurso-oposición deste ano, **se abra un prazo similar para as persoas que acaden praza na modalidade de concurso de méritos.** De non facelo estaríase creando un agravio comparativo entre persoas que acceden polo mesmo procedemento extraordinario de estabilización (persoas que prestan servizos fóra de Galicia no curso 22-23, xente que acceda ó sistema educativo sen experiencia previa, embarazos de recente coñecemento, etc.). **REVISARANO.**
- **Relacionado coas comisións de servizo, solicitamos unha ampliación das idades dos fillos/as para solicitar comisión de conciliación familiar por un só fillo.** 4 anos é unha idade moi temprana, considerando ademáis que persoal interino pode solicitar renuncia a chamamentos e restricción ata os 6 anos. **TRATARASE NA SEGUINTE MESA.**
- **Demandamos información sobre se, na nómina deste mes, se farán efectivas as cuantías do paso das persoas que se integraron do corpo PTFP a PES,** así como o pago dos atrasos con carácter retroactivo.
- Solicitamos confirmación por parte da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre se se van a **convocar prazas de convenio** e cando teñen previsto traer a mesa esta orde.
- Volvemos a esixir a **modificación da Orde que recolle os centros de especial dificultade, incluíndo as aulas hospitalarias como prazas de difícil desempeño.**
- **Volvemos a esixir a convocatoria inmediata do Comité Intercentros de Seguridade e Saúde Laboral,** para que a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos rinda conta ás organizacións sindicais do proceso de avaliación de riscos e as medicións de radón nos centros.